

21818 *RESOLUCIÓN do 20 de novembro de 2006, da Secretaría Xeral de Industria, pola que se publica a Directriz 1/2006, do 3 de outubro, para a designación e control dos organismos notificados e dos organismos de control metrolóxico.* («BOE» 297, do 13-12-2006.)

En virtude do disposto no artigo 2.1.d) do Real decreto 584/2006, do 12 de maio, polo que se determina a estrutura, composición e funcionamento do Consello Superior de Metroloxía, e nos artigos 4.2 e 19.1, do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado de instrumentos de medida, o Pleno do Consello Superior de Metroloxía aprobou, na súa reunión celebrada o día 3 de outubro de 2006, por proposta da Comisión de Metroloxía Legal, o acordo de aprobación da directriz para a designación e control dos organismos notificados e dos organismos de control metrolóxico.

Para xeral coñecemento, procédese á publicación do referido acordo, que se insire a seguir.

Madrid, 20 de novembro de 2006.—O secretario xeral de Industria, Joan Trullén Thomàs.

Acordo do 3 de outubro de 2006, do Pleno do Consello Superior de Metroloxía, polo que se aproba a Directriz 1/2006, do 3 de outubro, para a designación e control dos organismos notificados e dos organismos de control metrolóxico

En virtude do disposto na alínea d) do artigo 2 do Real decreto 584/2006, do 12 de maio, polo que se determina a estrutura, composición e funcionamento do Consello Superior de Metroloxía, e no número 1 do artigo 19 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado de instrumentos de medida, e por proposta da Comisión de Metroloxía Legal, o Pleno do Consello Superior de Metroloxía, en reunión celebrada o 3 de outubro de 2006, acorda:

1. Aprobar a directriz que figura no anexo único.
2. Solicitar ao secretario xeral de Industria e presidente do Consello Superior de Metroloxía que resolva acordar a publicación desta directriz no Boletín Oficial del Estado.

ANEXO

Directriz para a designación e control dos organismos notificados e dos organismos de control metrolóxico

A Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, establece o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España, réxime a que se deben someter en defensa da seguraza, da protección da saúde e dos intereses económicos dos consumidores e usuarios, os instrumentos de medida nas condicións determinadas regulamentariamente. Esta lei foi desenvolvida posteriormente por diversas normas de contido metrolóxico, entre as cales se encontra o Real decreto 889/2006, do 21 de xuño, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

O Real decreto 889/2006 traspón ao dereito interno español a Directiva 2004/22/CE sobre instrumentos de medida e desenvolve o marco metrolóxico de actuación en España. O artigo 19 establece os principios xerais de designación dos organismos obxecto deste documento e no seu anexo II establece os requisitos que deben satisfacer.

As administracións públicas, no seu ámbito competencial, son as responsables da designación dos organismos notificados e dos organismos de control metrolóxico obxecto desta disposición, necesarios para levar a cabo o

control metrolóxico do Estado sobre os instrumentos de medida que se deban someter a el, e designarán, para tal fin, as entidades ou laboratorios que, demostrando a súa competencia técnica e cumprimento dos demais requisitos regulamentarios, consideren necesarias para levar a cabo ese control metrolóxico.

A sistemática empregada e os axentes que interveñan na avaliación da competencia técnica dos organismos na fase de designación, ou na do seu control periódico, é un aspecto fundamental para que todo o novo marco metrolóxico que establece o RD 889/2006 funcione adecuadamente e exista confianza na actuación dos organismos no campo da metroloxía legal.

Os artigos 4 e 19.1 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, prevén o establecemento por parte do Consello Superior de Metroloxía das directrices reguladoras da designación dos organismos notificados e de control metrolóxico que leven a cabo as actuacións sobre os instrumentos de medida encamiñadas a avaliar a súa conformidade respecto dos requisitos esenciais, metrolóxicos e técnicos que lles sexan de aplicación de acordo coa súa regulación específica.

Seguindo as recomendacións da Comisión da Unión Europea, a acreditación dos organismos por unha entidade de acreditación asinante dos acordos de recoñecemento mutuo e membro de European Cooperation for Accreditation (EA), e baixo determinadas premisas, é o procedemento máis adecuado para demostrar a competencia técnica dos organismos que desexen operar nos diferentes módulos que se recollen no Real decreto 889/2006, así como para o seu posterior control e vixilancia. Non obstante, existen outros procedementos de avaliación de competencia técnica tan válidos e recoñecidos como a acreditación e que poden ser utilizados polas administracións públicas.

A avaliación da competencia técnica a través da acreditación ou outro procedemento análogo é só unha parte do procedemento de designación, debéndose valorar outros aspectos administrativos e funcionais que avalen con total garantía o cumprimento dos requisitos exixidos aos organismos.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

Constitúe o obxecto desta disposición a regulación do procedemento para a designación e o control dos organismos de control metrolóxico e notificados que actúen no marco metrolóxico, establecido na Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, e desenvolvido polo Real decreto 889/2006, do 21 de xuño, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os instrumentos de medida.

Artigo 2. Competencia para a designación dos organismos.

As administracións públicas con competencia executiva en materia metrolóxica en cuxo territorio teña o seu domicilio social a entidade que desexe ser designada como organismo notificado ou de control metrolóxico nos termos indicados no número 1 do artigo 19 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, son as competentes para resolver sobre as solicitudes dos organismos.

Artigo 3. Entidades de acreditación.

Para a aceptación dos informes de auditoría e as certificacións de acreditación emitidas pola entidade de acreditación a que se refire o número 1 do artigo 5 desta dis-

posición, será necesaria a subscripción previa dun acordo marco entre o organismo de cooperación administrativa e unha entidade de acreditación que sexa asinante do acordo de recoñecemento mutuo, membro de European Cooperation for Accreditation (EA) e que cumpra os requisitos previstos no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguranza industrial. Nese acordo estableceranse os seguintes condicionantes:

a) No comité de acreditación da entidade figurará ao menos un representante do organismo de cooperación administrativa e outro das comunidades autónomas.

b) A entidade de acreditación débese comprometer a resolver as acreditacións solicitadas nun prazo máximo de seis meses.

c) A entidade de acreditación debe elaborar os documentos necesarios para realizar as avaliacións de competencia técnica de acordo coas normas de calidade relacionadas no anexo I desta disposición e as respectivas regulacións técnicas aplicables. Estes documentos deben ter sido previamente revisados e adoptados pola Comisión de Metroloxía Legal do Consello Superior de Metroloxía.

d) A entidade de acreditación debe operar con equipos auditores cuxa composición se adapte ao establecido nesta disposición.

e) A entidade de acreditación colaborará e manterá informada a Administración pública competente baixo cuxa xurisdición está o organismo que solicitou a acreditación.

CAPÍTULO II

Procedemento para a designación de organismos

Artigo 4. *Solicitud.*

1. As institucións, laboratorios ou entidades en xeral, que desexen ser designados como organismos notificados ou organismos de control metrolóxico, deberán solicitarlo á Administración pública competente en materia metrolóxica, para isto deberán presentar unha solicitude, a través do seu representante legal, que recolla claramente o alcance da autorización solicitada indicando os módulos de avaliación da conformidade, e instrumentos e posibles campos de medida, se proceder.

2. Os solicitantes deberán ser entidades públicas ou privadas establecidas en España que dispoñan dos locais, equipamento e medios necesarios para exercer a súa actividade.

3. Xunto coa solicitude deberase remitir a seguinte documentación:

a) Declaración de que se satisfán os requisitos de compatibilidade, independencia e transparencia establecidos no artigo 19, e de cumprimento do anexo II, do Real decreto 889/2006.

b) Escrituras de constitución, comprobante da súa inscrición no Rexistro Mercantil e, se é o caso, estatutos da entidade.

c) Documentos relacionados coa situación financeira e solvencia da entidade: balances, contas de resultados, memorias e informes de auditoría, se é o caso.

d) Descrición de locais, equipamento e medios técnicos dispoñibles.

e) Organigrama ou descrición clara das unidades que o compoñen con indicación do persoal asignado a cada unha. Se o solicitante é unha parte dunha organización, indícarán as relacións entre a organización e o solicitante e presentarán os documentos que garantan a ausencia de conflitos de interese con outras partes da organización.

f) Relación de persoal: incluírase para cada empregado con labores de ensaios, inspección e decisión a documentación que acredite a competencia técnica (titulación, formación específica recibida cos certificados acreditativos e experiencia profesional acreditada).

g) Declaración xurada de que a remuneración do persoal non dependerá do número de controis que leve a cabo nin do resultado deses controis.

h) Documentación acreditativa asinada polos traballadores da entidade relativa ao cumprimento dos deberes de confidencialidade, imparcialidade e mantemento do segredo profesional salvo respecto ás autoridades administrativas competentes.

i) Relación de posibles actividades a subcontratar.

j) Declaración xurada do compromiso de contratar unha póliza de seguros acorde coa solicitude do alcance da designación, no caso de organismos privados.

Artigo 5. *Procedementos de designación.*

1. As designacións referiranse a módulos completos de avaliación da conformidade a que se refire o anexo III do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, e a categorías de instrumentos de medida e campos de medida, se proceder, e precisarán a certificación da acreditación da entidade solicitante por parte dunha entidade de acreditación que asinase o acordo-marco previsto no artigo 3.

2. Como alternativa ao procedemento de acreditación sinalado no número anterior poderase, seguindo as directrices que emanen do Consello Superior de Metroloxía e desenvolvidas pola Comisión de Metroloxía Legal, formar un grupo experto específico de avaliación de organismos que comproben a competencia técnica dos organismos cun procedemento análogo á acreditación.

a) Este grupo estará formado por expertos en calidade e en metroloxía designados polas diferentes administracións públicas. Poderanse subcontratar a expertos ou a unha entidade de acreditación os servizos nos aspectos exclusivos da calidade.

b) A coordinación e o secretariado do grupo corresponderá ao Centro Español de Metroloxía e nas súas actuacións deberase suxeitar ás mesmas normas de calidade que as entidades de acreditación.

3. As normas indicadas no anexo I establecen a presunción de conformidade cos criterios xerais dos módulos de avaliación da conformidade e utilizaranse como documentos de referencia na acreditación ou avaliación dos organismos. Estas normas complementan os requisitos técnicos establecidos no RD 889/2006, do 21 de xullo, na normativa metrolóxica específica do instrumento obxecto da solicitude e nas guías que desenvolva a Comisión de Metroloxía Legal e aprobe o Consello Superior de Metroloxía.

4. Un organismo poderá solicitar a designación en máis dun módulo e máis dun instrumento, para o cal a avaliación de competencia técnica se realizará en función da norma de calidade máis adecuada e complementarase cos requisitos adicionais das outras normas de calidade aplicables. En relación coas normas referidas a requisitos de competencia técnica, tales como instalacións, equipamentos, formación e cualificación de persoal, débense aplicar de acordo cos propios de cada unha delas.

5. Examinada a declaración de cumprimento dos requisitos de compatibilidade, independencia e transparencia, así como a solvencia técnica, metrolóxica e administrativa, deducidas da información subministrada, informarase o solicitante sobre a aceptación ou desestimación da súa solicitude, indicando neste último caso os motivos do seu rexeitamento.

Artigo 6. *Competencia técnica e metrolóxica.*

1. Unha vez aceptada a solicitude para ser designado como organismo, deberase demostrar a competencia técnica e metrolóxica nos respectivos módulos de avaliación da conformidade, ou procedementos de control metrolóxico e categoría de instrumento, a través do procedemento de acreditación ou análogo que se establece no número 2 do artigo 5.

2. O organismo deberá solicitar á entidade de acreditación ou, se for o caso, ao Centro Español de Metroloxía, como secretariado do grupo a que se refire o número 2 do artigo 5 desta disposición, a avaliación da competencia técnica sobre o alcance solicitado previamente á Administración pública competente e aceptado por esta. Os custos relacionados coa avaliación correrán a cargo do solicitante.

3. O organismo solicitante deberá proporcionar á Administración pública competente a documentación soporte do seu sistema de xestión da calidade (manual, procedementos, instrucións,...), que cumprirá as normas e guías que lle sexan de aplicación ao alcance da designación solicitada. Esta documentación debe coincidir con aquela que se utilice para a comprobación da súa competencia técnica pola entidade de acreditación ou polo grupo específico de avaliación.

4. O procedemento de avaliación consistirá nun estudo documental e unha auditoría funcional nas instalacións do organismo. A auditoría funcional non se levará a cabo até que o estudo documental non se resolverse satisfactoriamente.

5. O equipo auditor para a comprobación da competencia técnica estará composto cando menos por:

a) Un auditor xefe, experto en calidade e concretamente nas normas e documentos que son aplicables ao alcance da solicitude de designación e debidamente cualificado por organismos de recoñecida solvencia técnica en calidade.

b) Un experto en metroloxía legal, metroloxía aplicada e na tecnoloxía dos instrumentos de medida incluídos no alcance, cualificado pola Comisión de Metroloxía Legal do Consello Superior de Metroloxía conforme o procedemento que se desenvolva.

c) Un representante da Administración pública competente que estuda a petición de designación. Este representante podería coincidir con algún dos dous expertos anteriores.

6. O organismo solicitante poderá recusar o equipo proposto cando existan evidencias ou dúbidas respecto a conflitos de intereses; para isto disporase de procedementos que regulen reclamacións ou recusacións en relación coas acreditacións ou avaliacións da competencia técnica.

7. Finalizada a avaliación da competencia técnica, o solicitante deberá presentar á Administración pública competente a que solicitou a designación o informe de auditoría, as posibles accións correctoras, se couberen, e o certificado de acreditación ou de competencia técnica emitido.

Artigo 7. *Designación.*

1. A Administración pública competente que admitiu a trámite a solicitude para a designación de organismo estudará o informe da avaliación de capacitación técnica e, con base nisto e no estudo administrativo previo, propondrá que o organismo sexa designado, pedirá aclaracións ou informes adicionais de avaliación ou denegará motivadamente a súa designación, informando disto a entidade solicitante.

2. Unha vez informado de que se vai proceder á súa designación, e antes de iniciar o procedemento regulamentario establecido no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, a entidade debe presentar á Administración pública competente os seguintes documentos e declaracións:

a) Compromiso de participación nas actividades de coordinación nacionais e europeas de organismos.

b) Compromiso de cooperación coas autoridades de vixilancia de mercado.

c) Declaración de estar informado e aceptar o procedemento de control establecido nesta disposición.

d) Compromiso de adopción das medidas oportunas para que todos os fabricantes teñan acceso ás mesmas oportunidades en relación aos seus servizos de avaliación da conformidade.

e) Copia da póliza de seguros contratada e de acordo co declarado na súa solicitude de designación.

3. Para a designación dun organismo seguirase o procedemento regulamentario establecido no artigo 19 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, emitindo unha resolución e certificado de designación, nos cales se indiquen claramente os módulos, instrumentos e campos de medida para os cales se designa. Informarase a Comisión de Metroloxía Legal do Consello Superior de Metroloxía a través do órgano de cooperación administrativa.

Artigo 8. *Notificación e publicación.*

1. As resolucións de designación dos organismos notificados pola Administración pública competente serán trasladadas ao órgano de cooperación administrativa que as notificará á Unión Europea e as publicará no Boletín Oficial del Estado.

2. As resolucións de designación dos organismos de control metrolóxico pola Administración pública competente serán publicadas no seu diario oficial e posteriormente trasladaranse ao órgano de cooperación administrativa para a súa divulgación e publicación no Boletín Oficial del Estado.

Artigo 9. *Validez das autorizacións.*

1. O período de validez das autorizacións concedidas aos organismos notificados e de control metrolóxico será indefinido. Periodicamente controlárase o mantemento das condicións que deron lugar á súa designación.

2. Cando se comprobe que os organismos non cumpren cos requisitos que lles exige o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, ou cos requisitos da regulamentación técnica aplicable, incumprindo con isto as súas obrigas, informarase o órgano competente da Comunidade Autónoma que os designou, a cal poderá suspender temporalmente a súa designación ou proceder á súa revogación. Informarase disto o órgano de cooperación administrativa para que dea traslado das decisións tomadas á Comisión e aos outros Estados membros e á Comisión de Metroloxía Legal do Consello Superior de Metroloxía no caso dos organismos notificados, ou soamente a esta no caso dos organismos de control metrolóxico.

Artigo 10. *Subcontratacións.*

1. Os organismos poden subcontratar tarefas limitadas estritamente a aspectos técnicos, coas excepcións indicadas no artigo 19.4 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo. En ningún caso poden subcontratar todas as súas actividades nin aquelas que consistan na realización de interpretacións, xuízos ou avaliacións sobre conformidade de requisitos individuais ou aceptación ou rexeitamento de instrumentos.

2. O organismo debe informar o órgano competente ao cal solicitou a designación, ou que o autorizou, sobre a súa intención de subcontratar determinados traballos ou tarefas, con obxecto de que após a súa valoración decida se o acepta ou non e, se é o caso, proceder a denegar ou limitar o ámbito da designación.

3. Toda subcontratación precisa unha autorización pola Administración pública que designa o organismo. A información sobre as actividades de subcontratación e sobre a competencia do subcontratista debe estar ao dispor da autoridade competente que o designou ou á cal solicitou a designación.

4. No caso de que se autorice a subcontratación, o organismo deberá manter un rexistro de todas as súas actividades de subcontratación e actualízalo de forma sistemática.

5. En todos os casos, o organismo debe ter un vínculo contractual de dereito privado cos seus subcontratistas, para garantir o cumprimento das súas responsabilidades xerais. Os subcontratistas non residentes en España estarán sometidos ás leis e aos tribunais españois.

6. O organismo debe garantir que os seus subcontratistas contén coa competencia técnica e cumpran cos requisitos de imparcialidade e compatibilidade que lle son exixidos a el mesmo. Cando o subcontratado é outro organismo notificado ou de control metrolóxico designado no mesmo procedemento de avaliación da conformidade e instrumento, presumirase a súa competencia técnica e imparcialidade.

7. O organismo debe garantir, ademais, que eses requisitos se manteñan no tempo, realizando para isto avaliacións periódicas e comprobando regularmente os detalles relativos ao desempeño das tarefas subcontratadas.

8. A subcontratación é admisible no ámbito da certificación dos sistemas de calidade de fabricantes utilizando persoal externo como auditores xefes en calidade, sempre que o organismo leve a cabo a avaliación dos resultados da auditoría.

9. O traballo subcontratado débese efectuar de acordo coas especificacións técnicas establecidas de antemán mediante un procedemento detallado, baseado en criterios obxectivos, a fin de garantir a plena transparencia.

10. O organismo subcontratante segue asumindo toda a responsabilidade sobre a actividade realizada para el polos seus subcontratistas. A súa designación e notificación pode ser retirada por motivo xustificadamente relacionado cos seus subcontratistas.

11. Queda prohibida a subcontratación en cadea a fin de evitar a incoherencia do sistema.

CAPÍTULO III

Supervisión e control dos organismos

Artigo 11. *Rexistro de actuacións.*

1. Os organismos notificados e de control metrolóxico son responsables por si mesmos das súas actuacións e ditames e deben dispor dun rexistro de todas as súas actuacións regulamentarias nos distintos instrumentos e módulos de avaliación da conformidade.

Artigo 12. *Controis anuais.*

1. As administracións públicas competentes controlarán periodicamente a correcta actuación dos organismos con obxecto de comprobar que seguen cumprindo os requisitos que deron lugar á súa designación e notifi-

cación e que as súas actuacións se axustaron ao regulamento e velando concretamente para que:

a) Adopten todas as medidas necesarias para asegurar o cumprimento dos requisitos de compatibilidade, xerais e específicos establecidos no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, e que deron lugar á súa designación.

b) Dispoñan dos procedementos adecuados para levar a cabo os procedementos de avaliación da conformidade para os cales foi designado e manteñan os rexistros e certificados ao dispor das administracións públicas por un período de 10 anos a partir da data da actuación. Cando exista necesidade de tomar decisións ou xuízos sobre normas ou requisitos, estas actuacións deben estar recollidas en procedementos con obxecto de que sexan consistentes.

c) Actúen nos procedementos de avaliación de conformidade para os cales foi designado de forma non discriminatoria ante os seus clientes, xa sexa canto a servizo ou a prezos.

d) Permitan o acceso ás súas instalacións ás administracións públicas e aos equipos auditores.

e) Sexan coñecedores de que son responsables exclusivos de todas as accións ou omisións no contexto dos procedementos de avaliación da conformidade realizados.

f) Respecten as disposicións do libre comercio establecidas na Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal nas súas actividades, e non incorran en incompatibilidades en relación con posibles consultorías realizadas aos seus clientes xa sexa polo propio organismo ou por persoal del.

g) Manteñan informada a autoridade competente que os designou de calquera variación das condicións que deron lugar á súa designación, así como de todas aquelas informacións preceptivas dos procedementos de avaliación da conformidade para que foi designado.

h) Suspendan de inmediato, total ou parcialmente, a súa actividade se o órgano competente que os designou procedese a restrinxir, paralizar temporalmente ou revogar a súa designación como consecuencia de evidencias de incumprimento das súas obrigas ou dos requisitos regulamentarios que lles son exixidos.

i) Se sometan ao procedemento de control establecido nesta disposición.

j) Cooperen coas autoridades de vixilancia de mercado.

k) Cooperen coas autoridades nos labores de coordinación nacional e europea de organismos.

l) Participen regularmente en exercicios de comparación, ensaios de aptitude ou outros medios para comprobar a súa competencia técnica.

m) Se absteñan de ofrecer aos seus clientes marcas adicionais á CE ou á marcación nacional de metroloxía, a non ser que as misións de tales marcas sexan diferentes ás marcas CE ou nacional de metroloxía. Tales marcas, se procede, non deben xerar confusión coa marcación CE ou nacional de metroloxía.

n) Teñan en consideración e apliquen as decisións de coordinación de organismos a nivel nacional e europeo.

ñ) Dispoñan de políticas e procedementos que permitan controlar o uso do seu número de identificación e eviten un incorrecto uso ou referencia a el.

2. Os controis serán realizados anualmente polos órganos competentes das comunidades autónomas que resolveron sobre a súa notificación. Para isto utilizarán un procedemento análogo ao de designación, é dicir, estudo administrativo de documentación actualizada do organismo e informe de auditoría de seguimento de competencia técnica, completado cunha análise das actuacións rexistradas.

3. Cada catro anos realizarase unha reavaliación da acreditación ou competencia técnica.

4. O organismo deberá presentar anualmente á Administración pública que o designou, con independencia das obrigas de información que deriven dos procedementos de avaliación ou controis metrolóxicos en que actúe, os seguintes documentos:

- a) Informe detallado da auditoría de seguimento ou reavaliación que inclúa as revisións do seu sistema de xestión da calidade e actualizacións desde o último control.
- b) Plan de posibles accións correctoras propostas polo organismo e aceptadas polo grupo auditor.
- c) Informe detallado das actividades realizadas desde o último control e resultado delas.
- d) Póliza de seguros actualizada.

5. Para a comprobación da corrección de posibles desviacións, poderanse realizar visitas de control ao organismo entre as auditorías de seguimento.

6. Se, como consecuencia da supervisión ou control, se comproba que o organismo non cumpre os requisitos que deron orixe á súa designación e por isto se compromete o nivel de protección buscado, a Administración pública competente actuará de acordo cos números 10 a 13 do artigo 19 do Real decreto 889/2006.

7. Con independencia dos controis periódicos realizados sobre os organismos, as administracións públicas poden realizar visitas sen aviso previo ás instalacións dos organismos ou supervisar actuacións concretas, debendo estes colaborar co seu persoal e medios.

8. Os órganos competentes das comunidades autónomas informarán dos resultados dos controis ao organismo de cooperación administrativa para os efectos do disposto no artigo 18 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

Artigo 13. *Control dos organismos notificados doutros estados membros.*

1. O control das actuacións realizadas polos organismos notificados designados por outro Estado membro da Unión Europea no ámbito territorial dunha comunidade autónoma, será realizado polo órgano competente desa comunidade.

2. Cando se demostre que un organismo notificado doutro Estado membro non cumpre os requisitos referidos aos módulos de avaliación da conformidade ou algún dos outros que deron lugar á súa designación, procederase, a través do organismo de cooperación administrativa, a informar a Comisión e poderase recorrer ao procedemento establecido no artigo 227 do Tratado CE.

Artigo 14. *Coordinación e seguimento de organismos.*

O Centro Español de Metroloxía reunirá periodicamente, por sectores de actividade, representantes das comunidades autónomas, dos organismos notificados e de control metrolóxico e das entidades de acreditación co fin de coordinar e facer un seguimento da aplicación das regulacións técnicas e metrolóxicas e das directrices do Consello Superior de Metroloxía, da Unión Europea e do Comité da Cooperación en Metroloxía Legal en Europa, WELMEC.

Disposición adicional. *Competencia técnica do Centro Español de Metroloxía.*

Presumirase a competencia técnica do Centro Español de Metroloxía, como máximo órgano técnico en materia metrolóxica en España, quedando exceptuado da acreditación da competencia técnica para efectos da súa designación como organismo notificado. O Centro Español de Metroloxía garantirá o cumprimento dos requisitos xerais

e específicos establecidos no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, así como a adecuada implantación no seu sistema de xestión da calidade das normas referidas no anexo I desta directriz e regulamentacións específicas aplicables aos módulos de avaliación da conformidade, comprobándose periodicamente a través de ferramentas para o efecto como exercicios de comparacións mutuas ou probas de aptitude.

Disposición transitoria primeira. *Organismos notificados existentes.*

1. Os organismos notificados establecidos en España que se encontren actuando na data de entrada en vigor da presente disposición, poderán seguir actuando a partir desa data. Deberán cumprir todas as disposicións relativas a controis periódicos recollidas no capítulo III.

2. Se como consecuencia dos controis se comproba que non cumpren co establecido na presente directriz, deberanse adaptar a ela antes do 31 de decembro de 2008.

Disposición transitoria segunda. *Procedemento simplificado de designación de entidades e laboratorios existentes.*

1. Dentro dos tres meses seguintes á publicación desta disposición, aquelas entidades españolas que veñen actuando en procedementos de avaliación da conformidade, que comprende as fases de aprobación de modelo e verificación primitiva, similares aos establecidos no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, poderán solicitar a súa designación como organismo notificado ou de control metrolóxico para os mesmos instrumentos e similares módulos en que viñan actuando.

2. Para isto presentarán á Administración pública competente, xunto coa oportuna solicitude, unha memoria xustificativa da súa experiencia e aqueles documentos que complementen a información dispoñible respecto á requirida nesta disposición.

3. Con base na documentación e nunha posible visita ás instalacións, a Administración pública competente onde reside a entidade poderá designar o organismo como notificado ou de control metrolóxico segundo se describe no artigo 7 desta disposición.

4. A designación como organismo notificado ou de control metrolóxico estará supeditada a que eses organismos se sometan e superen o procedemento de avaliación de competencia técnica establecido nesta disposición antes do 31 de decembro de 2008.

Disposición derradeira. *Aplicabilidade*

Esta disposición producirá efectos o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

ANEXO I

Normas aplicables para avaliación da conformidade

Módulo avaliación da conformidade	Normas (xestión da calidade)	Normas (ensaíos)
A1	UNE-EN ISO/CEI 17020	UNE EN ISO/CEI 17025
B	UNE-EN 45011	UNE EN ISO/CEI 17025
C1	UNE-EN ISO/CEI 17020	UNE EN ISO/CEI 17025
D	UNE-EN 45012	—
D1	UNE-EN 45012	—
E	UNE-EN 45012	—
E1	UNE-EN 45012	—

Módulo avaliación da conformidade	Normas (xestión da calidade)	Normas (ensaíos)
F	UNE-EN ISO/CEI 17020	UNE EN ISO/CEI 17025
F1	UNE-EN ISO/CEI 17020	UNE EN ISO/CEI 17025
G	UNE-EN 45011 ao UNE-EN ISO/CEI 17020	UNE EN ISO/CEI 17025
H	UNE-EN 45012	-
H1	UNE-EN 45011 e UNE-EN 45012	UNE EN ISO/CEI 17025

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

21819 *REAL DECRETO 1417/2006, do 1 de decembro, polo que se establece o sistema arbitral para a resolución de queixas e reclamacións en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade por razón de discapacidade.* («BOE» 297, do 13-12-2006.)

O artigo 17 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, prevé, entre as medidas de defensa a que se refire o capítulo III do texto legal, o establecemento dun sistema arbitral que, sen formalidades especiais, atenda e resolva con carácter vinculante e executivo para as partes interesadas, as queixas ou reclamacións das persoas con discapacidade na materia que constitúe obxecto da lei. Para tales efectos, a disposición derradeira décimo terceira do dito texto legal encoméndalle ao Goberno o establecemento do sistema arbitral no prazo de dous anos desde a entrada en vigor da lei.

A citada previsión ten en conta o establecido pola normativa comunitaria, Directiva 2000/43/CE, do Consello, do 29 de xuño e Directiva 2002/73/CE, do Parlamento europeo e do Consello, do 23 de setembro, que modifica a Directiva 76/207/CE, do Consello, que prevé o establecemento nos Estados membros da Unión Europea de procedementos de conciliación complementarios aos xudiciais e administrativos.

Este real decreto dálle cumprimento ao mandato anteriormente sinalado, mediante o establecemento e regulación dun sistema arbitral específico para a resolución de conflitos en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade das persoas con discapacidade.

En virtude do establecido no punto 4 do artigo 1 da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, así como do carácter supletorio da Lei 51/2003, do 2 de decembro, ao disposto na lexislación específica de medidas para a aplicación do principio de igualdade de trato no emprego e a ocupación, as arbitaxes laborais quedan excluídas do sistema de arbitraje a que se refire este real decreto.

De conformidade co citado artigo 17 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, este real decreto prevé a participación de representantes dos sectores interesados, das organizacións máis representativas das persoas con discapacidade e das súas familias e das administracións públicas nos órganos de arbitraje, que adoptan a forma de xuntas arbitrais.

Este real decreto foi obxecto de consulta ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla, á Confederación Española de Organizacións Empresariais e á Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa

e ao Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade, e o Consello Nacional da Discapacidade emitiu informe favorable.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza, de Traballo e Asuntos Sociais, de Sanidade e Consumo e de Vivenda, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros do día 1 de decembro de 2006,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer e regular o sistema arbitral previsto no artigo 17 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

2. O sistema arbitral establécese, sen formalidades especiais, para atender e resolver con carácter vinculante para ambas as partes as queixas ou reclamacións das persoas con discapacidade en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal, sempre que non existan indicios racionais de delito, todo iso sen prexuízo da protección administrativa ou xudicial que en cada caso proceda.

3. O sometemento das partes ao sistema arbitral será voluntario e deberá constar expresamente por escrito.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Serán obxecto do sistema de arbitraje regulado neste real decreto as queixas e reclamacións que xurdan en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

As controversias referiranse a algunha das seguintes materias:

- Telecomunicacións e sociedade da información.
- Espazos públicos urbanizados, infraestruturas e edificación.
- Transportes.
- Bens mobles e inmobles, produtos, servizos, actividades ou funcións, comercializados directamente aos consumidores como destinatarios finais, que as persoas físicas ou xurídicas, individuais ou colectivas, profesionais ou titulares de establecementos públicos ou privados, fixos ou ambulantes, produzan, faciliten, subministren ou expidan, en réxime de dereito privado.
- Relacións coas administracións públicas no ámbito do dereito privado.

2. Non poderán ser obxecto de arbitraje:

- As controversias sobre as cales se ditase resolución xudicial firme e definitiva nos casos en que haxa identidade de suxeito, feito e fundamento.
- Aquelas en que deba intervir o Ministerio Fiscal en representación e defensa das persoas con discapacidade que carecen de capacidade de obrar ou de representación legal e non poidan actuar por si mesmas.
- Aquelas en que concorran indicios racionais de delito.
- As cuestións que estean determinadas en contratos administrativos, así como outras materias que non sexan de libre disposición conforme dereito.